

Extraordinario 1/2025 (expte. 880/2025) no orzamento do exercicio 2024, prorrogado para o exercicio 2025, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, por importe de 1.285.191,58 euros, destinado a atender gastos do exercicio 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente sométese a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os/as interesados/as poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 30 de xuño de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1894

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 30.06.2025 aprobou a convocatoria e bases para seleccionar a:

- 1 xefe de brigada : Salario: 1.526,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Modalidade de contratación: contrato temporal..
- Duración: **3 MESES ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026**
- Xornada: completa.
- Funcións: as que lles son propias segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **3 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

Taboada, 30 de xuño de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1895
